

23. ud. punto luz, enchufe	18,07 €
24. ud. fosa séptica	421,55 €
25. ud. pozo auga	1.128,88 €
26. ud. Lápida	225,35 €
27. instalación sanitarios:	
—Bañeira	144,04 €
—Lavabo	90,33 €
—Bidé	90,33 €
—Inodoro	90,33 €
—Baño compl.	375,75 €
28. m2 construción escaleira	45,17 €
29. m2 Apertura de oco	7,52 €
<i>VARIOS</i>	
30. m2 Toldo	75,27 €
31. m2 Marquesiña	225,83 €
32. m. Cala	37,64 €
33. ud. entrada carruaxes	19,18 €
34. m2 rótulo opaco sainte	338,76 €
35. m2 Rótulo opaco adosado	263,45 €
36. m2 Rótulo luminoso sainte	451,66 €
37. m2 Rótulo luminoso adosado	414,03 €
38. m2 Carteleira publicitaria	33,88 €
39. ud. instalación grúa	752,77 €
<i>MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN</i>	
40. m2 de vivenda unifamiliar no rural	745,24 €
41. m2 porche aberto	400,00€
42. m2 edificio de vivendas de P.O.	677,60 €
43. m2 edificio de vivendas libres	677,60 €
44. m2 de nave industrial	263,02 €
45.1 m2 Obras de reforma integral	237,97 €
46. m2 Sotos, Semisotos e Locais comerciais	269,28 €
<i>PECHES</i>	
47. m. de aramado con postes	20,00 €
48. m. de bloques de formigón	26,30 €
49. m. de pedra	112,72 €
<i>MURO CONTENCIÓN.</i>	
50. m3 muro contención	187,87 €
<i>CUARTO DE BAÑO.</i>	
51. m2 construción cuarto de baño	745,24 €
<i>GALPÓNS.</i>	
52. m2 construción de galpón	119,00 €
53. m2 demolición de muros	60,22 €

ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DO CEMITERIO MUNICIPAL

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por servizos dos cemiterios municipais”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta taxa os servizos que se presten nos cemiterios municipais de Aldán, Coiro, Darbo e O Hío, tales como: asignación de espazos para enterramentos, concesións temporais dos cinceiros e nichos, renovación de ditas concesións, expedición dos títulos e expedición

dos duplicados dos expresados títulos, inhumacións, exhumacións e traslado dos cadáveres e restos, expedición de autorizacións para transmisións do Dereito do dominio ou concesión a perpetuidade e do dereito de concesión temporal entre particulares, e calesqueira outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa as persoas físicas ou xurídicas e entidades a que alude o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro Xeral Tributaria, que resulten beneficiarios dos servizos enumerados no artigo 1 deste texto.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

1. Serán responsables solidarios xunto cos suxeitos pasivos contribuíntes, os solicitantes dos servizos, no seu caso.

ARTIGO 5.—BENEFICIOS FISCAIS

1. Gozarán da exención total no pagamento dos dereitos regulados na presente ordenanza:

a. Os enterramentos na fosa de persoas mortas que estivesen regulamentariamente inscritas ou acollidas ó Padrón de Beneficencia Municipal ou Asistencia Social, sempre que os gastos de enterro non sexan, legal ou contractualmente, a cargo doutra persoa ou entidade.

b. A expedición de Títulos, duplicados, certificacións, Documentos ou Expedientes relativos ós Servizos ós que se refire o precedente apartado coa mesma condición alí establecida.

c. Estarán exentas do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licenzas de inhumacións ou enterramentos ás familias que teñan ingresos totais iguais ou inferiores ó salario mínimo interprofesional e que posúan un patrimonio inmobiliario con valor catastral igual ou menor a 43.770 € Sendo o único ben patrimonial a vivenda propia, o seu valor catastral poderá superar os 43.770 €

ARTIGO 6.—COTAS

	<u>EUROS</u>
<i>A. 1. Concesións temporais Por período de 75 anos:</i>	
— Nichos	1.624,00
— Cinceiros	406,00
<i>A. 2. Concesións temporais Por período de 5 anos:</i>	
— Nichos	304,50
— Cinceiros	76,13
<i>B. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas.</i>	
Por cada título ou duplicado do mesmo	4,16
<i>C. Expedición de Licenzas</i>	
<i>C.1. Inhumacións. Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.</i>	
Adultos	24,84
Párvulos	6,63
Restos mortais	12,42
<i>C.2. Exhumación de calquera clase de sepultura</i>	<i>23,89</i>
<i>C.3. Traslado de cadáveres ou restos, de calquera procedencia</i>	<i>4,15</i>
<i>D. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares</i>	
D.1. Hereditarios	36,35
D.2. Intervivos	121,02
No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión á que se refire este apartado D), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.	
<i>E. Peche de sepulturas:</i>	
E.1. En nichos	24,84
E.2. En sepulturas	41,39

ARTIGO 7.—DEVENGO

Nace a obriga de contribuír por esta taxa no momento en que se inicia a prestación dos servizos, entendendo a estes efectos que dito inicio se produce coa solicitude dos mesmos.

ARTIGO 8.—INGRESO

1. Os suxeitos pasivos efectuarán ingreso do importe da taxa relativa ós servizos sinalados no artigo 5 desta ordenanza, na Tesourería Municipal polo procedemento de liquidación a tramitar no servizo de Taxas.

2. As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A do artigo 5 desta Ordenanza, cando se trate de nichos en construción, ingresaranse mediante fraccións do seguinte xeito:

- 1) Liquidación No momento da notificación do acordo de adxudicación: 25%.
- 2) Liquidación A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión: 75%.

Os acordos de adxudicación destas concesións estarán condicionados ó pagamento das cantidades sinaladas no apartado A do artigo 5 desta Ordenanza.

En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

ARTIGO 9.—NORMAS ADICIONAIS

1. Transcorridos setenta e cinco anos dende o outorgamento da concesión retiraranse as cinzas das criptas ou nichos ó osario xeral ou cinceiro no seu caso.

As concesións aludidas no apartado A.2 do artigo 6 de nichos e cinceiros de propiedade municipal será por 5 anos, sen que se admita outro período distinto. Estas concesións só poderán renovarse por un período de 5 anos e por unha soa vez. Enténdese caducada a concesión na que a renovación non se solicite nos 15 días anteriores á data de finalización do prazo de concesión.

2. Prohíbese a concesión e renovación de sepulturas en terra, procedéndose a levanta-las cinzas polo Servizo de Cemiterios cando se cumpra o tempo regulamentario de inhumación, retirando aquelas ó osario xeral.

3. As concesións outorgadas a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, serán intransmisibles por un período de 5 anos -contados dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste Municipio.

4. As transmisións intervivos ou mortis causa das concesións entenderanse polo tempo que resta da devandita concesión.

*ARTIGO 10.—*Só poderán inhumarse en sepulturas que non sexan de propiedade municipal, os cadáveres do titular, de familiares no terceiro grao de consanguinidade ou afinidade. Excepcionalmente, por mor de necesidade, apreciadas discrecionalmente pola Alcaldía e previo informe do encargado de Cemiterios, poderá autorizarse a inhumación en sepulturas particulares de persoas distintas das mencionadas.

*ARTIGO 11.—*Prohíbese terminantemente a concesión a perpetuidade de nichos e criptas de propiedade municipal.

ARTIGO 12.—

1. Nas exhumacións que se realicen, as lápidas existentes serán retiradas polos propietarios das mesmas no prazo máximo de cinco días naturais. Transcorrido o dito prazo, sen que fosen retiradas, o persoal municipal farase cargo delas para proceder á súa destrución.

2. A conservación, limpeza e ornato de todo xénero será por conta dos donos das mesmas. En caso de notorio abandono e trala conminación con resultado negativo, serán sancionados pola Alcaldía, con

multas por desobediencias e feitas a custa destes as necesarias obras de adecentamento. A reincidencia será causa de caducidade da concesión, sen dereito a indemnización. Tratándose de sepulturas en propiedades non municipais, en estado de ruína, o Concello procederá á súa demolición e retirará os atributos e obxectos deteriorados sen indemnización ningunha.

ARTIGO 13.—Para a colocación de cruces, lápidas, obxectos de adorno en xeral, para toda clase de obras en tódolos cemiterios municipais, solicitarase a correspondente licenza do negociado correspondente e terase en conta o disposto na Ordenanza que regula a concesión de licenzas para construcións e obras.

ARTIGO 14.—Para a concesión de cinceiros requírese autorización da Alcaldía que se fará constar na instancia.

ARTIGO 15.—O encargado de Cemiterios levará os rexistros, libros e planos necesarios para coñecer en todo momento o detalle e situación das propiedades municipais, concesións temporais, importe da recadación polos diversos conceptos desta Ordenanza e tódolos datos de interese para a boa marcha do Servizo.

ARTIGO 16.—No impreso multicopia de liquidación constará previamente a solicitude do servizo ou servizos de que se trate. Das cinco follas autocopiables, unha entregaráselle ó interesado como constancia da súa recepción, unha segunda quedará na Tesourería Municipal como xustificante de pagamento, outra serviralle ó Servizo de Cemiterios para a súa tramitación. As dúas restantes remitiranse ao Servizo de Taxas e Intervención de Fondos.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal serán de aplicación as disposicións do Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria de Galicia, aprobado polo Decreto 174/1998, a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor e comenará a aplicarse o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por immobilización e retirada de vehículos”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de retirada, transporte e custodia dos vehículos motivada pola actuación ou conducta negligente dos condutores ou titulares dos vehículos que obrigan ó Concello a realizar de oficio unha actividade por razóns de seguridade vial.

1.—A retirada, transporte e custodia dos vehículos producirase nos casos previstos na lexislación vixente e concretamente:

- a) Cando o requiran as autoridades xudiciais ou administrativas.
- b) Cando o vehículo se atope en estado de abandono.